

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Diego Alcantarilla Rei
D.^a María Dolores Pan Lesta
D.^a María Mercedes Prieto Lamas
D. Daniel Mallo Castro
D. David López Saborido

NON ASISTE:

D.^a Patricia María Parceró Quiñoy

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e dezaseis minutos do día quince de setembro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D.^a María Dolores Pan Lesta, D.^a María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro e D. David López Saborido.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Patricia María Parceró Quiñoy.

Asisten á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DOS SEGUINTE ASUNTOS A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Na Resolución da Alcaldía núm. 1501/2023, do día 15 de setembro, pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

“(…/…)”

A urxencia da convocatoria e dos asuntos vén motivada pola necesidade de adoptar os acordos de prórroga e adxudicación no día de hoxe, non podendo demorarse a adopción dos ditos acordos xa que a data de inicio do evento Open Science Cambre 2023 está fixada para este mesmo día 15 de setembro de 2023.

(…/…)”

Sometida pola Presidencia a urxencia a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, aprobar a urxencia da convocatoria e dos asuntos incluídos na orde do día.

2º.- PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO LOTE 1 (INSTALACIÓN ELÉCTRICA TEMPORAL) DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIÓNS, INSTALACIÓN ELÉCTRICA TEMPORAL E MEMORIA TÉCNICA, NECESARIAS PARA A MONTAXE DO EVENTO “OPEN SCIENCE CAMBRE”, DO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE. EXPEDIENTE: 2022/C005/000013

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 14 de setembro de 2023 (CVD: upQxbKVrugU4i5XtoM91), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente tramitado na plataforma TEdC do Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento ‘Open Science Cambre’ do Programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre”. Expediente: 2022/C005/000013.

Visto que a Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro 2022, acordou adxudicar o Lote 1 (Instalación eléctrica temporal) do “Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento ‘Open Science Cambre’ do Programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, con opción de prórroga a 2023” a prol do licitador “Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL” no prezo ofertado de 15.619,83 euros sen IVE, 18.899,99 € euros IVE incluído.

Tratándose dun procedemento simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP, enténdese formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario, que tivo lugar con data do 16.09.2023 mediante escrito rexistrado de entrada ao número 202299900005025.

Visto que na cláusula 9 do PCAP que rexe esta contratación regúlase o prazo de duración desta contratación nos seguintes termos:

“9. PLAZO DE DURACIÓN DEL CONTRATO.

El plazo de duración del contrato, en cada uno de sus lotes, será desde su formalización y durante el año 2022, con posibilidad de prorrogarse al año 2023, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado en el plazo de dos meses a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal de recepción satisfactoria de los trabajos. La prórroga así acordada será obligatoria para el contratista, teniendo en cuenta que las circunstancias del contrato permanecen inalterables (art. 29.2 LCSP).

Teniendo en cuenta lo establecido en la cláusula Primera del Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares, la Open Science se celebra, como norma general, el tercer fin de semana de septiembre de cada año de contrato. El evento, propiamente dicho, será en sábado y domingo. Si las circunstancias (sanitarias o de otra índole) lo aconsejasen, el Ayuntamiento de Cambre se reserva la posibilidad de modificar estas fechas dentro de cada ejercicio”.

Visto o escrito rexistrado de entrada ao número 202399900005779 de data 31 de agosto de 2023, no que se solicita por parte da entidade adxudicataria a prórroga do Lote 1 do “Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento ‘Open Science Cambre’ do Programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, con opción de prórroga a 2023”.

Visto que figura no expediente TEDEC 2022/C005/000013, o informe da arquitecta técnica interina, Susana Bahamonde López, de data 04.09.2023 (CVD: H+01dZlaa81jExwTaNjG) que, entre outras cousas, di:

“(…)

CONCLUSIÓN:

Considerando que a empresa "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." estivo realizado a satisfacción do concello, o servizo consistente nos subministros e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para o montaxe do evento "Open Science Cambre" do programa TDI (todos deben involucrarse) a celebrar no concello de Cambre no ano 2022, con opción de prórroga en 2023, non existe ningún inconveniente en acceder a prórroga dito servizo para este ano 2023, de conformidade con establecido na cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

(...)"

Visto o informe desfavorable da técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral de data 12.09.2023 (CVD: aPIdV4pjtpm+0szfQQbz), que entre outras cousas di:

"(...)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)

Segundo: A cláusula 9 do PCAP que rexe esta contratación regula o prazo de duración desta contratación nos seguintes termos:

"9. PLAZO DE DURACIÓN DEL CONTRATO.

El plazo de duración del contrato, en cada uno de sus lotes, será desde su formalización y durante el año 2022, con posibilidad de prorrogarse al año 2023, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado en el plazo de dos meses a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal de recepción satisfactoria de los trabajos. La prórroga así acordada será obligatoria para el contratista, teniendo en cuenta que las circunstancias del contrato permanecen inalterables (art. 29.2 LCSP).

Teniendo en cuenta lo establecido en la cláusula Primera del Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares, la Open Science se celebra, como norma general, el tercer fin de semana de septiembre de cada año de contrato. El evento, propiamente dicho, será en sábado y domingo. Si las circunstancias (sanitarias o de otra índole) lo aconsejasen, el Ayuntamiento de Cambre se reserva la posibilidad de modificar estas fechas dentro de cada ejercicio".

Tratándose dun procedemento simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP, enténdese formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario, que tivo lugar con data do 16.09.2023 mediante escrito rexistrado de entrada ao número 202299900005025.

Segundo a cláusula 17 do PCAP, "el contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP".

Pola súa banda, o artigo 210.2 da LCSP di: "En todo caso, su constatación exigirá por parte de la Administración un acto formal y positivo de recepción o conformidad dentro del mes siguiente a la entrega o realización del objeto del contrato, o en el plazo que se determine en el pliego de cláusulas administrativas particulares por razón de sus características (...)"

Examinado o expediente, non consta acto formal de recepción da prestación polo que, a xuízo desta técnica, incúmprese a normativa vixente e impide determinar o día a quo dende o cal o órgano de contratación podería adoptar o acordo de prórroga, polo que se informa desfavorablemente este extremo.

A maior abundamento, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria do día 15.09.2023, designou responsable deste lote a don Ignacio Fernández Díaz, enxeñeiro técnico industrial interino, sen que conste que dito acordo fose modificado, polo que a arquitecta técnica interina propoñente da prórroga non foi designada como tal neste expediente, polo que tamén se informa desfavorablemente respecto deste extremo.

CONCLUSIÓN

Infórmase desfavorablemente a proposta de prórroga formulada pola arquitecta técnica interina (non responsable do contrato) no seu informe de data 04.09.2023 (CVD: qCwloAbFdLo49QlgOJ9m).

Non obstante, de ser outro o criterio do órgano de contratación, infórmase da necesidade de incorporar ao expediente a oportuna fiscalización municipal.

É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se dereivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...)"

Visto o documento de retención de crédito asinado pola interventora municipal con data do 14/09/2023 (CVD: 9/4x1xBey3bXQY9rA35g) con cargo á aplicación orzamentaria 337 22610, por importe de 18.899,99 euros.

Visto o "INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR PRORROGA OPEN SCIENCE CAMBRE / 2023". emitido pola interventora municipal con data 14.09.2023 (CVD: CQlrK2YotJRJBVgylpW), que di:

INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR PRORROGA OPEN SCIENCE CAMBRE / 2023

ASUNTO: FISCALIZACIÓN PREVIA Á PRÓRROGA DO LOTE 1 - INSTALACIÓN ELÉCTRICA TEMPORAL- DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS CORRESPONDENTE A DETERMINADAS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A MONTAXE DO EVENTO 'OPEN SCIENCE CAMBRE' DO PROGRAMA TDI (TODOS DEBEN INVOLUCRARSE) A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE". EXPEDIENTE: 2022/C005/000013.

A. DATOS DO EXPEDIENTE:

Obxecto do contrato. Lote 1: determinación das prestacións para realizar polo adxudicatario para a contratación de determinadas subministracións e servizos necesarios para a feira de ciencia (Open Science) que organiza o Concello de Cambre, concretamente a instalación eléctrica temporal necesaria (alugueiro de material eléctrico, montaxe e desmonte) (cláusula 3.1 PCA)

Importe adjudicación lote 1 *Instalación eléctrica temporal*: 15.619,83 euros sin IVA (18.899,99 euros IVA incluido).
"INSTALACIONES ELÉCTRICAS INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS S.L CORUÑESAS S.L."(acordo XGL de 15.09.2022). Aceptación asinada o 16.09.2022.

Aplicación presupuestaria anualidade actual: 2023. 337.226.10 (RC número de operación 220230005757 e número de referencia 22023003273 por importe de 18.899,99 €)

Prazo de duración: O prazo de duración do contrato, en cada un dos seus lotes, será desde a súa formalización e durante o ano 2022, con posibilidade de prorrogarse ao ano 2023, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo de dous meses a partir da data en que se efectúe o acto formal de recepción satisfactoria dos traballos. (cláusula 9 PCA)

Prazo de execución: Teniendo en cuenta o establecido na cláusula Primeira do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, a Open Science celébrase, como norma xeral, a terceira fin de semana de setembro de cada ano de contrato. (cláusula 9 PCA)

Prórrogas: sí, cós condicionantes que figuran na cláusula 9 de PCA

Procedimiento de contratación: aberto simplificado abreviado (cláusula 11 de de PCA)

Tramitación (ordinaria, urgencia o de emergencia): ordinaria (cláusula 11 de de PCA)

PCA: PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DO 159.6 (CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA, FACTOR PREZO) DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS CORRESPONDENTE A DETERMINADAS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A MONTAXE DO EVENTO "OPEN SCIENCE CAMBRE" DO PROGRAMA TDI (Todos deben involucrarse) A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NO ANO 2022, CON OPCIÓN DE PRÓRROGA EN 2023. (CVD: N5lsR4xgUTldqgHM7XMu), aprobado na sesión da Xunta de Goberno Local de 23.08.2022.

Órgano competente: Alcaldía (Disposición Adicional Segunda.1 LCSP: valor estimado < 10% recursos ordinarios orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2023), a salvo das delegacións que puidera ter outorgadas noutros órganos municipais.

Lexislación aplicable:

- Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril.
- Real decreto lexislativo 781/86, polo que se aproba ou Texto refundido de disposicións viventes en materia de réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba ou Texto refundido dá lei reguladora das facendas

locais.

- Real decreto 500/90, polo que se aproba ou regulamento orzamentario.
- Lei 5/97 de administración local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro polo que se aproba a lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001 polo que se aproba ou regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.
- RD 817/2009, de 8 de maio polo que se desenrolla parcialmente a lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público
- Lei 2/2011, do 4 de marzo de economía sustentable.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

B. ASPECTOS COMPROBADOS

Comprobouse		Aspectos Comprobados	Cumprimento		
SI	NON		SI	NON	Non aplicable
X		Existencia de crédito presupuestario <u>anualidade 2023</u> (art.219 TRLRHL).	X		
X		Ao tratarse de gastos con financiamento afectado, que os recursos que os financian son executivos e que se acredita a súa efectividade coa existencia de documentos fidedignos. (Arts. 173.6 e 219 TRLHL)			X
X		O crédito proposto é adecuado á natureza do gasto (art.219 TRLRHL).	X		
X		A competencia do órgano de contratación (art.219 TRLRHL).	X		
X		O exercicio da función interventora comprenderá, entre outras, a fase de fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores <i>Informe referencia JUA 365/2022 có asunto "Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento "Open Science Cambre" do Programa TDI (Todos deben involucrarse) 2022", asinado o 14.09.2022 (CVD: CwxsxoG+pjhKwjYgqCt): fiscalización favorable.</i>	X		

C. OTROS ASPECTOS COMPROBADOS

Comprobouse		Aspectos Comprobados	Cumprimento		
SI	NON		SI	NON	Non aplicable

X	<p>O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da LCSP (art. 29.2, primeiro parágrafo LCSP).</p> <p>De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares o prazo de duración do contrato, en cada un dos seus lotes, é desde a súa formalización e durante o ano 2022, con posibilidade de prorrogarse ao ano 2023.</p>	X	X	
X	<p>A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo/previo aviso prodúzase polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato establézase un maior. Quedan exceptuados da obrigaón de aviso previo/previo aviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses (art. 29.2, segundo parágrafo LCSP).</p> <p>Posibilidade de prorrogar o contrato ao ano 2023, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo de dous meses a partir da data en que se efectúe o acto formal de recepción satisfactoria dos traballos. (cláusula 9 PCA).</p> <p><i>Acordo da Xunta de Goberno Local de 15.09.2022 (CVD: evfbYmFpvB7sQKCJchU+) polo que se designa como como responsable do contrato a Ignacio Fernández Díaz, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada</i></p> <p><i>Informe có asunto PRÓRROGA ANUALIDADE 2023 DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS CORRESPONDENTE A DETERMINADAS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A MONTAXE DO EVENTO 'OPEN SCIENCE CAMBRE' DO PROGRAMA TDI (TODOS DEBEN INVOLUCRARSE) A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE</i></p>		X*.A	X*.A

NO ANO 2022, CON OPCIÓN DE PRÓRROGA A 2023" A PROL DO LICITADOR "INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL", asinado pola arquitecta técnica interina (non responsable do contrato) o 04.09.2023 (CVD: qCwloAbFdLo49QlgOJ9m) e favorable á prórroga dos lotes 1, 2, 3

Informe de secretaría desfavorable á prórroga dos lotes asinado o 12.09.2023 (CVD: aPldV4pjtpm+0szfQQbz)

D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[X] Fiscalizado **desfavorablemente** polos seguintes motivos:

- **X*.A:** incumprimento do prazo ao de preaviso (2 meses) ao que se refiren o artigo 29.2 LCSP e a cláusula 9 PCA (CVD: N5lsR4xgUTldqgHM7XMu). O recoñecemento da obriga correspondente á factura referida á prestación 2022 contabilizouse o 23.11.2022 (núm. operación 220220007952) polo que, tendo en conta que o artigo 59 do RD 500/1990 e o artigo 18.2 do RC 424/2017 determinan que previamente ao recoñecemento das obrigacións haberá de acreditarse documentalmente ante o Órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acredor de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto, esa sería a data de conformidade dos traballos resultando que proposta de prórroga (04.09.2023) excedería amplamente do prazo permitido. Por outra banda, a proposta de prórroga non está asinada polo responsable do contrato (Ignacio Fernández Díaz, según acordo da XGL de 15.09.2022).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar o Lote 1 do "Contrato mixto de subministracións e servizos correspondente a determinadas actuacións necesarias para a montaxe do evento 'Open Science Cambre' do Programa TDI (Todos deben involucrarse) a celebrar no Concello de Cambre, con opción de prórroga en 2023,". Expediente: 2022/C005/000013", adxudicado á empresa "Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL" no prezo ofertado de 15.619,83 euros sen IVE, 18.899,99 € euros IVE incluído, con estrita sujeción ás condicións establecidas no pregos de cláusulas administrativas (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT) que rexen esta contratación.

Segundo: Dar traslado desta resolución, a través da plataforma TEdE, ao responsable do contrato, o coordinador de actividades culturais e educativas, e á intervención municipal.

Terceiro: Notificar esta resolución á empresa adxudicataria.

Cuarto: Publicar este acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 14 de setembro de 2023 (CVD: upQxbKVrugU4i5XtoM91), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3º.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE “CARPAS E COMPLEMENTOS (MESAS E CADEIRAS) PARA O EVENTO OPEN SCIENCE CAMBRE 2023”. EXPEDIENTE: 2023/C002/000079

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 15 de setembro de 2023 (CVD: C/twjOphLhAa2ISNM7u5), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente tramitado na plataforma TEdC ao número 2023/C002/000079 para a contratación, por contrato menor, de Carpas xerais, mesas e sillas para evento Open Science Cambre.

Visto o informe asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, e o Sr. Alcalde, o día 08.09.2023 (CVD: NCfKckWISmBzlcUwEM00).

Visto o documento de retención de crédito asinado con data do 05.05.2023 (código para validación: BH1EP-CU7X5-8X9P1) por importe de 29.890,36 euros con cargo á aplicación orzamentaria “337 22610 Programas Xuventude”.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 14/09/2023 (CVD: 260jPhH1RrTft8iV196E) que entre outras cousas di:

“(…)

En relación co expediente de contrato menor de referencia, emítase o seguinte **INFORME**:

Primeiro: Presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Oscar Germiñas Lamas	14.857,28 €	17.977,31 €

Oscar Cernadas Meijide	Non presenta oferta	—
J. Bouza e Hijos SL	Non presenta oferta	—

Segundo: Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo ofertado á baixa respecto ao orzamento máximo de licitación, **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente a “Carpas e complementos para o evento Open Science Cambre 2023” a Oscar Germiñas Lamas co CIF: 78.806.318 S, e domicilio social no lugar de Bedobre 18, Cabaleiros, 15683 Tordoia (A Coruña), no prezo ofertado de 14.857,28 € (sen IVE), 17.977,31 € (IVE incluído), por ser a única empresa que fixo a oferta e cun importe dentro do fixado polo Concello. (...)”

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria xeral, de data 14.09.2023 (CVD: vscoQvAKCtRkHsjZ3SAY), que entre outras cousas di:

“(...)”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS.

Con carácter previo ao que logo se dirá deixase constancia do escaso tempo hábil de que dispoxo a que subscribe para examinar o asunto (o informe de selección de contratista figura asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas ás 09:44:00 horas do día de hoxe), e a execución da prestación contratar está prevista para os días 15,16 e 17 de setembro de 2023), o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas limitacións e cautelas que se derivan deste feito e referírase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que poderá ser ampliado. En todo caso, se solicita que polos distintos departamentos se remitan os expedientes coa antelación suficiente ao obxecto de dispor do prazo que legalmente está establecido na normativa vixente para a emisión de informes (10 días hábiles) aos efectos de poder exercer axeitadamente as funcións atribuídas pola normativa vixente á Secretaría da Corporación.

Primeira.- O artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (modificado polo Real decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro) regula o expediente de contratación en contratos menores dispoñendo o seguinte:

- “1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.
2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.
3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.
6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.” Polo que atinxe a súa duración, o artigo 29.8 do dito texto legal establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.”

Por outra banda, o artigo 65 da LCSP dispón, á hora de regular a capacidade para contratar, que só poderán contratar co sector público as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a lei, se atopen debidamente clasificadas.

Engade o parágrafo segundo do dito artigo que os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Especificamente, para os contratos menores o artigo 131.3 da LCSP preceptúa que “3.Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas necesarias en el artículo 118”

O artigo 30.3 da LCSP establece que a prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios podendo non obstante, cando careza de medios suficientes, logo da debida xustificación no expediente, contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da dita Lei; no mesmo senso o artigo 116 da antedita lei que establece no seu punto 4.f) que no expediente se xustificará adecuadamente, nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Os órganos de fiscalización externos e os órganos consultivos son reiterativos en limitar a utilización dos contratos menores só para satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas e perfectamente definidas e urxentes.

O obxectivo da nova regulación dos contratos menores da lei é reconducir o contrato menor a situacións excepcionais. As características das prestacións que poden ser contratadas mediante contratos menores deberán satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas, perfectamente definidas e urxentes. A sensu contrario, non poden utilizarse os contratos menores para atender necesidades periódicas e previsibles.

A oficina independente de Regulación e supervisión da contratación, na Instrución 1/2019, de 28 de febreiro, sinala, entre outras cousas, que “Así, la propia Ley, reduce la contratación directa a situaciones extraordinarias” A instrucción anteriormente citada da OIRESCON sinala no seu apartado II que “De acuerdo con el principio de competencia y como medida antifraude y de lucha contra la corrupción, el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos, debiendo quedar ello suficientemente acreditado en el expediente. Si las empresas a las que se les hubiera solicitado presupuesto declinasen la oferta o no respondiesen al requerimiento del órgano de contratación, no será necesario solicitar más presupuestos. Las ofertas recibidas así como la justificación de la seleccionada formarán, en todo caso, parte del expediente. De no ser posible lo anterior, deberá incorporarse en el expediente la justificación motivada de tal extremo”.

Na proposta e informe de necesidade que figura no expediente examinado (CVD: NCfKckWISmBzlcUwEM00) indícase, entre outras cousas, que:” (.../...) É crucial sinalar que a necesidade deste contrato tentouse resolver en dúas ocasións previas mediante procedementos abertos de contratación. O primeiro deles, con data de 8 de setembro de 2021 (Expediente Nº 2021/C005/000007) tiña como obxectivo a montaxe do evento para o anos 2021 e 2022, con opción de prórrga para a anualidade 2023. Con todo, o lote correspondente á subministración de Carpas e complementos non puido ser prorrogado para a anualidade do 2023 dado que non foi de interese da empresa adjudicataria. O segundo intento, datado 17 de agosto de 2023(Expediente 2023/C004/000010), tamén fallou en conseguir licitadores para esta necesidade concreta, quedando este lote deserto.

Estes feitos justifican de forma inequívoca a necesidade urgente deste contrato. Especificamente, cabe destacar que nas dúas ocasións anteriores, a pesar da apertura de ofertas e os intentos por parte deste Concello para serrar interese entre diferentes provedores, ningún se presentou para cubrir este lote en particular(.../....)”.

No suposto examinado, o obxecto do contrato é referido a unha necesidade perfectamente previsible non resulta legalmente posible acudir á figura do contrato menor. Aínda de sosterse polo órgano de contratación a posibilidade, de xeito excepcional pola premura de tempo, de acudir a contrato menor, esta posibilidade estaría suxeita á condición de que non se modificara o obxecto da prestación do Lote 1 nin o resto das prestacións.

No suposto examinado, a prestación que agora se pretende contratar non é exactamente a mesma que foi obxecto de licitación no Lote 1, nin en canto ás prestacións nin en canto ao seu orzamento. Ademais do anterior, esta Secretaría ten coñecemento de que ademais do contrato obxecto deste informe estanse a tramitar outros contratos menores (exptes. 2023/C002/000078, 2023/C002/000080, e 2023/C002/000081) relativos a prestacións relacionadas coa Open Science, e que sumada a contía total destes contratos ésta excede do límite máximo de contratos menores de servizos/subministracións, polo que se está a producir un fraccionamento do contrato prohibido expresamente pola normativa vixente.

Polo exposto, no suposto examinado non concurren os presupostos para a utilización da figura do contrato menor, polo que se informa que non se axusta á legalidade a súa utilización.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmase **desfavorablemente** o expediente de contratación relacionado neste informe, polo que, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.

(...)"

Visto o informe de intervención de data 14 de setembro 2023 que transcrita di:

"NFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AOS CONTRATOS MENORES CORRESPONDENTES Á UNIDADE FUNCIONAL "OPEN SCIENCE CAMBRE 2023". NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2023/C002/000079", con reparos suspensivos, emitido pola interventora municipal con data 14.09.2023 que entre transcrita di:

"(...)

"Contratación Carpa Domo para evento Open Science Cambre ". EXPEDIENTE 2023/C002/000077 Proposta de adjudicación a Hebe Sport S.L. por importe de 6.860,70 €.

"Contratación Megafonía e son para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000078 Proposta de adjudicación a Maik Cazenave Cantón por importe de 2.902,64€

"Contratación subministro carpas xerais, mesas e sillas para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000079 Proposta de adjudicación a Oscar Germeñas Lamas por importe de 17.977,31 €

"Contratación Vixilancia nocturna para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000080 Proposta de adjudicación a Trisquel Protección y Vigilancia S.A. por importe de 1.395,88 €

"Contratación subministración baños químicos portátiles para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000081. Proposta de adjudicación a Suministros Generales Manufacturados SL por importe de 390,35 €

Documento contable RC por importe total de 29.890,36 € na aplicación orzamentaria 2023.337.226.10:

Nº Operación	Fase	Fecha	Referencia	Proyecto	Aplicación	Importe	Texto Libre
220230003591	RC	05/05/2023	22023001993		2023 337 22610	29.890,36	RC- CONTRATACION DE DETERMINADOS SERVICIOS PARA LA OPEN SCIENCE CAMBRE 2023

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85 modificada entre outras pola lei 27/2013.
 - Real decreto lexislativo 781/86, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
 - Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
 - Real decreto 500/90, polo que se aproba o regulamento orzamentario.
 - Ley 5/97 de administración local de Galicia.
 - Lei 9/2017, de 8 de novembro pola que se aproba a lei de contratos do sector público. (LCSP)
- "Contratación subministración baños químicos portátiles para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000081. Proposta de adjudicación a Suministros Generales Manufacturados SL por importe de 390,35 €

Documento contable RC por importe total de 29.890,36 € na aplicación orzamentaria 2023.337.226.10:

Nº Operación	Fase	Fecha	Referencia	Proyecto	Aplicación	Importe	Texto Libre
220230003591	RC	05/05/2023	22023001993		2023 337 22610	29.890,36	RC- CONTRATACION DE DETERMINADOS SERVICIOS PARA LA OPEN SCIENCE CAMBRE 2023

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85 modificada entre outras pola lei 27/2013.
- Real decreto legislativo 781/86, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
- Real decreto 500/90, polo que se aproba o regulamento orzamentario.
- Ley 5/97 de administración local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro pola que se aproba a lei de contratos do sector público. (LCSP)

OBJECTO	IMPORTE
"Contratación Carpa Domo para evento Open Science Cambre ". EXPEDIENTE 2023/C002/000077 Proposta de adjudicación a Hebe Sport S.L. por importe de 6.860,70 €.	6.860,70
"Contratación Megafonía e son para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000078 Proposta de adjudicación a Maik Cazenave Cantón por importe de 2.902,64€	2.902,64
"Contratación subministro carpas xerais, mesas e sillas para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000079 Proposta de adjudicación a Oscar Germiñas Lamas por importe de 17.977,31 €	17.977,31
"Contratación Vixilancia nocturna para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000080 Proposta de adjudicación a Trisquel Protección y Vigilancia S.A. por importe de 1.395,88 €	1.395,88
"Contratación subministración baños químicos portátiles para evento Open Science Cambre". EXPEDIENTE 2023/C002/000081. Proposta de adjudicación a Suministros Generales Manufacturados SL por importe de 390,35 €	390,35
TOTAL	29.526,88

O 10% dos recursos ordinarios do orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2023 ascenden a 1.935.729,05 €

SEGUNDO.- A base 26ª das de execución do orzamento 2023 do Concello de Cambre dispón:

2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:
(...)

Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal. (...)

Revisados os expedientes tedec números 2023/C002/000077, 2023/C002/000078, 2023/C002/000079, 2023/C002/000080, 2023/C002/000081, NON constan os informes xustificativos do xefe da área tramitadora dos expedientes dos contratos menores de que non se están alterando os respectivos obxectos para evitar a aplicación das regras xerais de contratación polo que por aplicación do

artigo 216.2c) do TRLFL e en cumprimento da base 26ª das de execución do orzamento municipal 2023 emítese un reparo suspensivo á tramitación dos citados expedientes.

No caso que o Alcalde (expedientes 2023/C002/000078, 2023/C002/000080, 2023/C002/000081) ou a Xunta de Goberno Local (expedientes 2023/C002/000077, 2023/C002/000079) acepten os reparos suspensivos formulados por esta intervención, deberá emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor no prazo de quince días. Nembargantes, se os reparos suspensivos non son aceptados procederase dacordo có artigo 15 do RD 424/2017, do 28 de abril:

"1 Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no

"1. Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no prevalecerán sobre las de los órganos de gestión. Los informes emitidos por ambos se tendrán en cuenta en el conocimiento de las discrepancias que se planteen, las cuales serán resueltas definitivamente por el Presidente de la Entidad Local o por el Pleno, de acuerdo con lo previsto en el artículo 217 y en el apartado 2 del artículo 218 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales y en los apartados siguientes de este artículo.

2. Cuando el órgano gestor no acepte el reparo formulado por el órgano interventor en el ejercicio de la función interventora planteará al Presidente de la Entidad Local una discrepancia.

No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia

3. En el plazo de quince días desde la recepción del reparo, las discrepancias se plantearán al Presidente o al Pleno de la Corporación Local, según corresponda, y, en su caso, a través de los Presidentes o máximos responsables de los organismos autónomos locales, y organismos públicos en los que se realice la función interventora, para su inclusión obligatoria, y en un punto independiente, en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

La discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita de los preceptos legales en los que sustente su criterio.

Resuelta la discrepancia se podrá continuar con la tramitación del expediente, dejando constancia, en todo caso, de la adecuación al criterio fijado en la resolución correspondiente o, en su caso, a la motivación para la no aplicación de los criterios establecidos por el órgano de control.

La resolución de la discrepancia por parte del Presidente o el Pleno será indelegable, deberá recaer en el plazo de quince días y tendrá naturaleza ejecutiva.

4. El Presidente de la Entidad Local y el Pleno, a través del citado Presidente, previamente a la resolución de las discrepancias, podrán elevar resolución de las discrepancias al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

A tales efectos, el Presidente remitirá propuesta motivada de resolución de la discrepancia directamente a la Intervención General de la Administración del Estado o al órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, concretando el extremo o extremos acerca de los que solicita valoración. Junto a la discrepancia deberá remitirse el expediente completo. Cuando el Presidente o el Pleno hagan uso de esta facultad deberán comunicarlo al órgano interventor y demás partes interesadas.

La Intervención General de la Administración del Estado o el órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, sin perjuicio de su facultad para recabar los informes o dictámenes que sean necesarios a efectos de emitir informe, deberán informar sobre las cuestiones planteadas en el plazo de un mes desde la solicitud por parte del Presidente siempre que se cuente con el expediente completo. Este plazo se interrumpirá en el caso de que sea necesario solicitar aclaraciones o informes para la resolución de la discrepancia.

Cuando las resoluciones y acuerdos adoptados por la Entidad Local sean contrarios al sentido del informe del órgano interventor o al del órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera, se incluirán en los informes referidos en los apartados 6 y 7 de este artículo.

(...)"

TERCEIRO.- O artigo 219.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais establece que "No estarán sometidos a intervención previa los gastos de material no inventariable, contratos menores, así como los de carácter periódico y demás de tracto sucesivo, una vez intervenido el gasto correspondiente al período inicial del acto o contrato del que deriven o sus modificaciones, así como otros gastos menores de 3.005,06 euros que, de acuerdo con la normativa vigente, se hagan efectivos a través del sistema de anticipos de caja fija"

“(...)

(...)

Nembargantes, o artigo 219.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais establece que “El órgano interventor podrá formular las observaciones complementarias que considere conveniente, sin que estas tengan, en ningún caso, efectos suspensivos en la tramitación de los expedientes correspondientes”.

Ao amparo do artigo citado, formulo por escrito as seguintes **observacións**:

1.- O artigo 25.2.m) da LBRL dispón:

“El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

(...)

m) Promoción de la cultura y equipamientos culturales. (...).”

En canto aos servizos mínimos municipais, o artigo 26 do mesmo texto legal:

“1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.

b) En los Municipios con población superior a 5.000 habitantes, además: parque público, biblioteca pública y tratamiento de residuos.

c) En los Municipios con población superior a 20.000 habitantes, además: protección civil, evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social, prevención y extinción de incendios e instalaciones deportivas de uso público.

(...)”

Os obxectos dos contratos expedientes tedec números números 2023/C002/000077, 2023/C002/000078, 2023/C002/000079, 2023/C002/000080, 2023/C002/000081 se ben non terían a consideración de servizos mínimos municipais, parecen ter encaixe nas competencias propias que, por lei, corresponden aos municipios.

- **2.- Calificación jurídica contrato.**

O artigo 16 da LCSP establece que:

“1. Son contratos de suministro los que tienen por objeto la adquisición, el arrendamiento financiero, o el arrendamiento, con o sin opción de compra, de productos o bienes muebles.

(...)

3. En todo caso, se considerarán contratos de suministro los siguientes:

a) Aquellos en los que el empresario se obligue a entregar una pluralidad de bienes de forma sucesiva y por precio unitario sin que la cuantía total se defina con exactitud al tiempo de celebrar el contrato, por estar subordinadas las entregas a las necesidades del adquirente.

b) Los que tengan por objeto la adquisición y el arrendamiento de equipos y sistemas de telecomunicaciones o para el tratamiento de la información, sus dispositivos y programas, y la cesión del derecho de uso de estos últimos, en cualquiera de sus

modalidades de puesta a disposición, a excepción de los contratos de adquisición de programas de ordenador desarrollados a medida, que se considerarán contratos de servicios.

c) Los de fabricación, por los que la cosa o cosas que hayan de ser entregadas por el empresario deban ser elaboradas con arreglo a características peculiares fijadas previamente por la entidad contratante, aun cuando esta se obligue a aportar, total o parcialmente, los materiales precisos.

d) Los que tengan por objeto la adquisición de energía primaria o energía transformada.”

O artigo 17 do mesmo texto legal establece que:

“Son contratos de servicios aquellos cuyo objeto son prestaciones de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto de una obra o suministro, incluyendo aquellos en que el adjudicatario se obligue a ejecutar el servicio de forma sucesiva y por precio unitario.

No podrán ser objeto de estos contratos los servicios que impliquen ejercicio de la autoridad inherente a los poderes públicos”

De conformidade coa definición dos obxectos do contrato, os expedientes tedec números 2023/C002/000077, 2023/C002/000078, 2023/C002/000079 e 2023/C002/000081 trataríanse de contratos de subministros.

De conformidade coa definición dos obxectos do contrato, o expediente tedec número 2023/C002/000080 trataríase dun contrato de servizos.

3.- Ao abeiro do artigo 65.1 da LCSP, só poderán contratar có sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa esta Lei, atópense debidamente clasificadas. **Non consta dilixencia e/ou informe do departamento que instruiu o expediente relativo ao cumprimento do artigo 65.1 LCSP por parte do contratista proposto para a adxudicación.**

4.- En virtude do artigo 65.2 da LCSP, os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato. **Non consta dilixencia e/ou informe do departamento que instruiu o expediente relativo ao cumprimento do artigo 65.2 LCSP por parte do contratista proposto para a adxudicación.**

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino dixitalmente o presente informe en na data que figura na marxe.

Visto el informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data de 14/09/2023, (CVD: qn3vpjBkZwB5uz+9rmdU) que entre outras cousas di:

(...)

Visto o informe desfavorable da secretaria (CVD: vscoQvAKctRkHsjZ3SAY) de data 14/09/2023 e o informe de reparos suspensivos da interventora municipal de data 14/09/2023 ao expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000079, se informa:

É crucial sinalar que a necesidade deste contrato tentouse resolver en dúas ocasións previas mediante procedementos abertos de contratación. O primeiro deles, con data de 8 de setembro de 2021, expediente N° 2021/C005/000007 - **contratación de los suministros necesarios para el montaje del eventon Open Science Cambre integrado por 8 lotes** Lote 1 : 44212320-8 Estructuras diversas Lote 2 : 51110000-6 Servicio de instalación de equipo eléctrico Lote 3 : 79800000-2 Servicios de impresión y servicios conexos Lote 4 : 48952000-6 Sistemas de megafonía Lote 5 : 92300000-4 Servicios de entretenimiento Lote 6 : 79714000-2 Servicios de vigilancia Lote 7 : 71242000-6 Elaboración de proyectos y diseños Lote 8 : 55320000-9 Servicios de suministro de comidas, ten como obxectivo a montaxe do evento para os anos 2021 e 2022, con opción de prórroga para a

anualidade 2023. Con todo, o lote correspondente ao lote1-Carpas e complementos non puido ser prorrogado para a anualidade do 2023 dado que non foi de interese da empresa adxudicataria. O segundo intento, datado 17 de agosto de 2023 (Expediente 2023/C004/000010), tamén fallou en conseguir licitadores para esta necesidade concreta.

Estes antecedentes xustifican de forma inequívoca a necesidade urxente deste contrato onde queda claramente exposto no informe técnico de necesidade asinado polo funcionario informante o 8 de setembro de 2023 que non se está a alterar o obxecto do contrato nin o importe de licitación.

Especificamente, cabe destacar que nas dúas ocasións anteriores, o lote que quedou deserto foi o correspondente a carpas e equipamentos, que incluía a carpa Domo e baños químicos portátiles como un dos seus elementos esenciais. A pesar da apertura de ofertas e os intentos por parte deste Concello para xerar interese entre diferentes provedores, ningún presentouse para cubrir este lote en particular.

Constatouse que unha das razóns principais desta falta de licitadores parece residir na escasa dispoñibilidade do elemento específico da carpa Domo no mercado. Tras unha revisión exhaustiva, descubriuse que unha única empresa conta coa capacidade de fornecer esta carpa única, o que dificultou a competencia e, polo tanto, a adxudicación do lote nas dúas convocatorias previas. **Habida conta en adiante tanto a carpa Domo como os baños químicos portátiles formarán parte dun lote propio cada un deles dentro da unidade funcional ou dun procedemento negociado. Xa que incluílos nun único lote resulta un handicap para os licitadores por razón de singularidade e natureza do obxecto, suxeito e causa a contratar.**

En relación á observación realizada pola interventora municipal relativa ao cumprimento dos artigos 65.1 e 65.2 da LCSP, referir que o órgano xestor tramitou o contrato conforme ao manual de contratación existente e remitido polo interventor e secretaria municipal do momento e que a día de hoxe non hai instrucións diferentes ao respecto da tramitación. Puntualizar que os contratos menores conforme a LCSP non necesitan deste requisito.

Atendendo o establecido no artigo 280 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), o incumprimento da realización do evento podería ter serias implicacións legais e financeiras para o Concello. En particular, os contratistas xa adxudicados no ano 2021 nos diferentes lotes integrantes deste evento Lote 2 : 51110000-6 Servicio de instalación de equipo eléctrico, Lote 3 : 79800000-2 Servicios de impresión y servicios conexos, Lote 8 : 55320000-9 Servicios de suministro de comidas) poderían buscar indemnizacións por lucro cesante, o cal tería un impacto significativo nos fondos públicos.

Este escenario colocou ao municipio nunha situación excepcional que obriga á reevaluación do método de contratación. A ausencia de ofertas por parte de múltiples provedores para o lote de carpas e equipamentos, e a imperante necesidade de contar coa carpa Domo para o correcto desenvolvemento do evento "Open Science Cambre", lévannos a considerar a contratación mediante a fórmula de Contrato Menor, conforme á Lei 7/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Como refiro, os dous procedementos abertos anteriores fracasaron en atopar licitadores para a subministración da carpa Domo, un elemento crave para o evento. A singularidade e exclusividade deste produto e a súa escasa dispoñibilidade no mercado demostraron a imposibilidade de recorrer a procedementos de contratación aberta ou simplificada. É máis, baixo as circunstancias actuais de tempo limitado, mesmo considerar procedementos negociados de contratación tórnase impracticable. Estes métodos, aínda que poden ofrecer certa flexibilidade, tamén requiren dun período de tempo para a negociación e finalización do contrato que resulta incompatible coa urxencia coa que se require contar coa carpa Domo. Non hai tempo suficiente, o evento se desenvolve o 15,16 e 17 de setembro, para cumprir con todos os requisitos legais e administrativos que un procedemento negociado implicaría, deixando como única opción viable o Contrato Menor.

En relación á alusión ao fraccionamento, referir que considerando que de forma xenérica pódese definir o obxecto do contrato como "un conxunto de prestacións destinadas a cumprir por sí mesmas unha función económica ou técnica".

Non obstante, esta "completitude" do obxecto do contrato non debe interpretarse como unha obriga de licitar nun só contrato dúas ou máis prestacións, aínda que sexan similares e puidesen executarse de forma conxunta, **se entre elas non existe un vínculo operativo**, como é o caso que nos ocupa. Por isto, é perfectamente posible non só contratalas por separado, senón a súa explotación de forma independente.

Outro elemento para descartar o fraccionamento é a coincidencia dos tres elementos do contrato (suxeito, obxecto e causa). É dicir, existiría fraccionamento cando a prestación a realizar para atender unha necesidade poida contratarse cun mesmo suxeito, para realizar un mesmo obxecto, e motivado por unha mesma causa. Polo contrario, pódense formalizar contratos distintos dende o momento en que a adecuada execución da prestación a realizar implique que un deses elementos varíe, aínda que haxa coincidencia nos outros dous.

En todo caso, cada suposto debe valorarse en función do seu contexto e das súas propias particularidades.

Igualmente na "BASE VIGESIMO SEXTA. 2ª das "Bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio de 2023", se establece:

"Os contratos menores poderán adxudicarse a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, a oferta máis vantaxosa de un mínimo de tres, salvo xustificación que motive a solicitude dunha única oferta".

O expediente do contrato menor 2023/C002/00079, non é contrario a dereito, xa que responde a unha necesidade puntual, esporádica e concreta, non previsible como consta no informe técnico de necesidade, así como unha execución do servizo inferior a un ano e donde existe publicidade e concurrencia de licitadores, respondendo a competencias e razóns de interese público.

Habendo xustificado debidamente os reparos do informe de referencia, non existindo motivo algún para mantelos, polo que solicito o seu levantamento e proseguir co procedemento de contratación.
(...)"

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1500 /2023 de 15 de setembro na que se acorda levantar o reparo formulado pola Intervención Municipal.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000079 cuxo obxecto é "Carpas e complementos (mesas e sillas) para o evento OpenScience Cambre 2023", con cargo orzamentaria 337 22610 (Programas Xuventude) polo importe de 17.977,31 €.

Segundo: Adxudicar o contrato menor das "Carpas e complementos (mesas e sillas) para o evento Open Science Cambre 2023" á Oscar Germiñas Lamas co domicilio social no lugar de Bedobre 18, Cabaleiros, 15683 Tordoia (A Coruña), no prezo ofertado de 14.857,28 € (sen IVE), 17.977,31 € (IVE incluído).

Terceiro: Designar responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas, José Luis Martínez Názara, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Cuarto: Notificar ao adxudicatario para que execute o contrato nas condicións acordadas, coa incorporación da correspondente factura, unha vez conformada pola responsable do contrato.

Quinto: Dar traslado deste acordo, a través da plataforma de administración electrónica TEDeC, á interventora municipal e ó responsable do contrato.

Sexto: Publicar este acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción



da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 15 de setembro de 2023 (CVD: C/twjOphLhAa2ISNM7u5), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo